

AVALIACIÓN FÍSICA E QUÍMICA 2º, 3º E 4º

Procedementos e Instrumentos de avaliación:

Na primeira e segunda avaliación utilizáronse probas escritas, observación diaria, traballo diario, prácticas e informes de laboratorio, actitude e participación na clase,...

Neste **terceiro trimestre**, os instrumentos usados son tarefas semanais que teñen que entregar ao final de cada semana. Estas tarefas poden ser de dous tipos:

-**Actividades de reforzo ou repaso**, que terán que realizar **obrigatoriamente** os **alumnos que non teñen superado a materia** no momento en que se suspenderon as clases, é dicir, aqueles que facendo a media aritmética da primeira e segunda avaliación (dos seus valores numéricos decimais) teñen unha cualificación inferior ao cinco. A realización destas actividades é un requisito imprescindible para recuperar a materia e adquirir unha nota máxima dun 5 na media destas dúas avaliacións. Para optar a ter unha nota superior ao 5 terán que realizar a maiores as actividades de ampliación (voluntarias) que se comentan a continuación. Coa realización destas actividades poderá aumentar a súa cualificación final un máximo de 1,5 puntos, pero unicamente se engadirá esta puntuación a aqueles que, cos traballos de repaso, recuperen as dúas primeiras avaliacións e soamente nese caso.

- **Actividades de ampliación (voluntarias)**: As actividades de ampliación poden ser exercicios prácticos, realización dalgunha práctica de laboratorio (co uso de simuladores virtuais ou material que poidan ter na casa), traballos de investigación,...baseadas en contidos que se consideran relevantes para a continuidade do proceso formativo do alumno e que se considera que o alumnado é capaz de seguirlas coas instrucións que lle envía o profesor.

- **Os alumnos** que ao facer a **media aritmética** das dúas primeiras avaliacións (da nota numérica decimal) obteñan un **valor igual ou superior ao cinco** **podrán elixir entre** a realización das actividades de **ampliación ou as de repaso**. Coa realización destas actividades poderán subir a súa nota ata un máximo de 1,5 puntos e ter así unha cualificación maior na avaliación ordinaria de xuño.

Cualificación final:

No caso dos alumnos que teñan aprobado as dúas primeiras avaliacións (ou que a media aritmética das notas con decimais das dúas avaliacións sexa igual ou maior a 5), a cualificación final obterase do seguinte modo:

- Realizarase unha media aritmética das cualificacións (do seu valor decimal real) da primeira e segunda avaliación.
- A esta nota, poderase engadir ata un máximo de 1,5 puntos que irá en función das tarefas entregadas neste terceiro trimestre. Para que se contabilicen terán que estar feitas con rigor científico, orde e claridade.
- Os 1,5 puntos dividiranse entre o número total de tarefas semanais realizadas neste terceiro trimestre e multiplicarase polo número de tarefas entregadas na súa totalidade, desta forma se obterá a puntuación correspondente que se engadirá á media aritmética das dúas primeiras avaliacións.

No caso dos alumnos coas dúas avaliacións suspensas ou unha de forma que a media aritmética sexa inferior a 5:

- **Para recuperar a materia**, deberán entregar as tarefas semanais de repaso obrigatoriamente. Para superalas terán que estar feitas con procedementos e resultados aceptables, así como con rigor científico, orde e claridade. Coa realización e entrega de **todas as tarefas semanais de repaso**, poderán **recuperar a materia e obter unha puntuación máxima dun 5**.
- Esta puntuación pode ser aumentada ata un máximo de 1,5 puntos coa realización e entrega das tarefas da terceira avaliación mencionadas anteriormente.
- Os 1,5 puntos dividiranse entre o número total de tarefas semanais e multiplicarase polo número de tarefas entregadas na súa totalidade, desta forma obterase a puntuación correspondente que se engadirá ao 5. Esta nota engadirase única e exclusivamente aos alumnos que, coas tarefas de repaso, conseguijan recuperar os dous primeiros trimestres.

Proba extraordinaria de setembro

A proba extraordinaria de setembro terán que realizala aqueles alumnos/as que non superen a materia na avaliación ordinaria de xuño. Será unha proba baseada nos contidos e estándares de aprendizaxe mínimos que foron tratados ao longo da primeira e segunda avaliación.

AVALIACIÓN FÍSICA E QUÍMICA PENDENTES

Procedementos e instrumentos de avaliación:

- A materia pendente foi dividida en dúas partes. A **primeira parte** xa foi avaliada antes da suspensión das clases, mediante dous procedementos: o plan de traballo e as probas escritas.
 - ☐ O **plan de traballo** con actividades de recuperación. Entregáronse boletíns con problemas e cuestión e solucionáronse as dúbidas dos alumnos/as que o precisaron. Estas actividades eran voluntarias para os alumnos e foron realizadas fóra do horario lectivo. A avaliación destas actividades foi tida en conta como parte das probas para superar a materia, sempre que os alumnos/as presenten o traballo para a súa revisión.
 - ☐ **Probas escritas**: Os alumnos/as realizaron unha proba escrita da primeira parte da materia.
- A nota da primeira parte foi a suma da nota do exame escrito e da nota correspondente ao traballo realizado polo alumno/a (realización das actividades indicadas). O traballo realizado podería sumar ata un máximo de 1 punto na nota final da avaliación.
- **Para a avaliación da segunda parte da materia** terase en conta a realización das actividades de recuperación que se lles proporcionaron, baseadas nos estándares de aprendizaxe mínimos restantes. Estas actividades terán que realizalas e envialas antes do mes de xuño e puntuaranse cunha nota numérica comprendida entre 0 e 10.



Avaliación final:

Farase unha media ponderada: 70% da nota da primeira proba escrita (realizada na primeira semana de febreiro) e 30 % da nota das tarefas que se entregaron para a recuperación da segunda parte da materia pendente. Estes criterios decidíronse tendo en conta as circunstancias do alumnado coa materia pendente e tratando de beneficialo para a superación da materia.

No caso de non superar a materia e xuño, deberá presentarse á proba extraordinaria que se celebrará en setembro.